



EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado por
la Unión Europea



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



OBRADOIROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Concello
de Muros



ACTA NÚM. 10 DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABAJO ENCARGADO DO PROCESO SELECTIVO DO OBRADOIRO DE EMPREGO "MONTE FEIXAS" (Exp. núm.: 2026/E001/000009)

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 390/2026, do 29 de abril, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo do Obradoiro de Emprego "OE Monte Feixas" (Exp. núm. 2026/G003/000381). Reúnense presencialmente as persoas integrantes do grupo de traballo designado para o desenvolvemento do citado proceso selectivo, sendo as **8:30 horas do día 30 de xullo de 2026**.

En representación dos Concellos de Muros e Carnota, entidades promotoras do Obradoiro de Emprego "OE Monte Feixas", comparecen:

- D^a. Irene Espasandín Bermúdez, do Concello de Muros (presidenta).
- D^a. Graciela Castro Alvela, do Concello de Muros (secretaria).
- D^a. Rosa Rama Vilela, do Concello de Carnota (vogal).

A finalidade desta sesión é a realización das entrevistas de selección das persoas preseleccionadas para o posto de docente da especialidade **Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309), nivel 1**, ante a necesidade urxente de cubrir esta praza.

As persoas candidatas foron convocadas mediante chamada telefónica para a realización da entrevista o día 30 de xullo de 2026, a partir das 8:30 horas.

Iniciadas as entrevistas, o grupo de traballo deixa constancia dos seguintes feitos e acordos:

- Vista a renuncia da persoa inicialmente seleccionada para o posto de docente da especialidade *Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309), nivel 1*, e a non dispoñibilidade das persoas suplentes, resultou necesario realizar con carácter urxente unha nova selección para garantir o normal desenvolvemento do *OE Monte Feixas*. Para este módulo, o SEPE remitiu dúas persoas preseleccionadas, convocadas telefonicamente para a realización da entrevista e a presentación da documentación acreditativa dos méritos.
- Para a valoración dos méritos aplicáronse os criterios establecidos nas bases reguladoras do proceso selectivo. A formación académica e a formación complementaria puntuáronse conforme ao baremo previsto nas bases, tendo en conta, neste último caso, unicamente os cursos realizados nos últimos 20 anos. Respecto da experiencia profesional, asignouse 1,00 punto por cada seis meses de experiencia ou a parte proporcional, tomando como referencia 180 días por cada período de seis meses, e computando unicamente a experiencia que excede da esixida como requisito de acceso ao proceso selectivo.
- Finalizadas as entrevistas e a valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes, o grupo de traballo acorda aprobar a puntuación provisional da entrevista, da valoración de méritos e a puntuación total, que se recollen como anexo I a esta acta, e ordenar a súa publicación nos taboleiros de anuncios das sedes electrónicas dos Concellos de Muros e Carnota, abrindo un prazo de 3 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, para a presentación das reclamacións que se consideren oportunas.

E non habendo máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión, sendo as 10:30 horas do día 30 de xullo de 2026, do que, como secretaria, estendo a acta, que asinan electronicamente a presidenta e a vogal.



EMPREGO
GALICIA



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE



OBRAIDROS DE
EMPREGO DE GALICIA



Concello
de Muros



ANEXO I. RESULTADOS PROVISIONAIS DO PROCESO SELECTIVO PARA O POSTO DE DOCENTE DA ESPECIALIDADE "ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES (AGAR0309), NIVEL 1"

1. PUNTUACIÓN PROVISIONAL DA ENTREVISTA (puntuarase ata un máximo de 8 puntos)

APELIDOS E NOME	DNI CODIF	COMPARECENCIA	ENTREVISTA
Ferreira Vidal, Agustín	***6694**	Si	5,00
Oliveira Bouzas, Vanessa	***3035**	Si	7,00

2. PUNTUACIÓN PROVISIONAL DA VALORACIÓN DE MÉRITOS (puntuarase ata un máximo de 14 puntos)

APELIDOS E NOME	DNI CODIF	B1	B2	B3	B4	TOTAL
Ferreira Vidal, Agustín	***6694**	0,00	0,92	1,00	0,75	2,67
Oliveira Bouzas, Vanessa	***3035**	1,25	0,00	1,90	0,75	3,90

DESCRIPCIÓN DOS CÓDIGOS	
APARTADO	CÓDIGO
Formación académica (ata 2 puntos).	B1
Experiencia profesional (ata 9 puntos).	B2
Formación complementaria (ata 2 puntos).	B3
Coñecementos da lingua galega (ata 1 punto).	B4

3. PUNTUACIÓN PROVISIONAL TOTAL (puntuarase ata un máximo de 22 puntos)

APELIDOS E NOME	DNI CODIF.	ENTREVISTA (MÁX. 8)	TOTAL MÉRITOS (MÁX. 14)	TOTAL
Ferreira Vidal, Agustín	***6694**	5,00	2,67	7,67
Oliveira Bouzas, Vanessa	***3035**	7,00	3,90	10,90

Irene Espasandín Bermúdez
Presidenta

Graciela Castro Alvela
Secretaria

Rosa María Rama Vilela
Vogal